



|         |  |         |
|---------|--|---------|
| EXPDTE  | SESIÓN CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL (CES) DO<br>12.01.2016. | 01/2016 |
| TRÁMITE | Borrador da acta.  |         |

Na Sala de Xuntas da sede do Concello de Pontevedra, sita na rúa Michelena nº 30, sendo as 19.12 horas do día referido, reúnen-se as persoas que se sinalan, baixo a Presidencia que se precisa, co fin de proceder á celebración de sesión segundo orde do día previamente notificado.

|             |  |
|-------------|--|
| Presidencia | D <sup>a</sup> . María Carme da Silva Méndez, en canto Vicepresidenta. |
|-------------|--|

|       |                                       |
|-------|---------------------------------------|
| AEMPE | D. José M <sup>a</sup> Corujo Seguido |
|-------|---------------------------------------|

|  |                           |
|--|---------------------------|
| Cámara Oficial de Comercio, industria e navegación | D. Eduardo Barros Pereira |
|--|---------------------------|

|  |   |
|--|---|
| Fundación Galicia Obra Social <sup>1</sup> | Escusa a súa asistencia por correo electrónico. |
|--|---|

|                     |   |
|---------------------|---|
| Grupo municipal BNG | D <sup>a</sup> . Anabel Gulías Torreiro |
|---------------------|---|

|                    |                                |
|--------------------|--------------------------------|
| Grupo municipal PP | D. César Alberto Abal González |
|--------------------|--------------------------------|

|                           |                               |
|---------------------------|-------------------------------|
| Grupo municipal PSdG-PSOE | D. Agustín Fernández González |
|---------------------------|-------------------------------|

|                      |                   |
|----------------------|-------------------|
| Grupo municipal MaPo | D. Luis Rei Núñez |
|----------------------|-------------------|

|                             |                                     |
|-----------------------------|-------------------------------------|
| Grupo municipal Mixto (C's) | D. Manuel Pena Gestido <sup>2</sup> |
|-----------------------------|-------------------------------------|

|  |   |
|--|---|
| Xunta de Galicia: Departamento territorial da Consellería de Economía e Industria <sup>3</sup> | Escusa a súa asistencia por correo electrónico. |
|--|---|

|                                       |                          |
|---------------------------------------|--------------------------|
| Vicereitorado da Universidade de Vigo | Non asiste representante |
|---------------------------------------|--------------------------|

|                               |                           |
|-------------------------------|---------------------------|
| Federación da AA.VV. Castelao | D. Juan M. Loureiro Taibo |
|-------------------------------|---------------------------|

|  |                                    |
|--|------------------------------------|
| Confederación Intersindical Galega (CIG) | D. Marcos Conde Farto <sup>4</sup> |
|--|------------------------------------|

|                                    |                            |
|------------------------------------|----------------------------|
| Unión Xeral de Traballadores (UXT) | D. Xoán Ramón Vidal Trillo |
|------------------------------------|----------------------------|

|                             |                           |
|-----------------------------|---------------------------|
| Comisións Obreiras (CC.OO.) | D. Antonio Millares Jorge |
|-----------------------------|---------------------------|

|                                    |                           |
|------------------------------------|---------------------------|
| Federación de cooperativas Sinexia | Non asiste representante. |
|------------------------------------|---------------------------|

- Secretario: José Luis Mato Rodríguez.

<sup>1</sup> En canto entidade substituta da Caixa Pontevedra ou entidade que resulte da súa fusión con Caixa Vigo-Caixa Ourense, segundo os decretos de convocatoria que se veñen efectuando.

<sup>2</sup> Segundo designación efectuada para esta sesión pola Sra. Concelleira do grupo.

<sup>3</sup> Segundo os decretos de convocatoria: "O Delegado Provincial da Consellería da Xunta de Galicia que teña conferidas as competencias en materia de promoción económica e emprego será a persoa designada pola Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra".

<sup>4</sup> O Sr. Conde Farto incorpórase á sesión xa comezada esta, no curso do punto 3º.

Dáse conta, en primeiro lugar, de decreto do 11.01.2016 de nomeamento da Sra. da Silva Méndez como Vicepresidenta do CES.

### 1. Aprobación da acta da sesión anterior de de 25.11.2015.

Toma a palabra o Sr. **Barros Pereira** sinalando que na súa última intervención solicitara que o documento “manifesto”, que presentou nese momento, se remitise aos presentes, se ben se efectivamente foi remitido, a observación non ten maior transcendencia.

Como cuestión distinta, o mesmo representante solicita que se remita a documentación integrante da sesión con maior antelación, o que posibilitaría chegar a acordos.

Explícase pola **Presidencia** que a Secretaría do CES se encontraba de vacacións e que coincidiron coas datas da festividade de Reis..., extremo este que o Sr. **Barros** apunta xa debora ser coñecido, continuando a **Presidencia** engadindo que se poden convocar cantas sesións sexan necesarias.

Sen máis intervencións, o borrador da acta da sesión apróbase por unanimidade dos presentes.

### 3. Dación de conta da estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado de Pontevedra.

Propónse pola **Presidencia** que se altere a orde do día, xa que os representantes da empresa EOSA se encontran pendentes da presentación do documento, sen que polos presentes se manifeste inconveniente a esta modificación.

A continuación fai entrega a todos os presentes do documento que se presentará na convocatoria do programa FEDER 2014-2020, un exemplar do que se incorpora ao expediente da propia sesión. Sinala que se someteu ao parecer dos diferentes grupos sociais e mesmo políticos, e que foi aprobado hoxe mesmo pola Xunta de Goberno Local. Engade que, de chegar a concederse a subvención, haberá que especificar qué proxectos en concreto se incluírán dentro do marco xeral da actuación.

Xa que logo, fan acto de presenza as persoas que a Presidencia identifica como **membros da empresa asesora EONSA**, quen entregan un documento que explican ser o resume do anterior, e que tamén se incorpora ao expediente da sesión, presentado hoxe, sinalan, na plataforma dixital do Ministerio. A continuación fan unha presentación en power point do mesmo, con explicacións sobre os seus contidos.

Pregúntase polo Sr. **Barros** se solo se promociona o turismo na zona vella, sinalándose polo **membro da empresa** que é a estratexia seguida para a subvención, e engadíndose polas Sras. da **Silva Méndez e Gúlfas** que segundo o eido da subvención serían as zonas que demandan de maior atención.

Debátese brevemente neste momento entre os Srs. Barros e os membros da empresa consultora, en canto ás actuacións subvencionables, os puntos máis salientables ou que máis se valorarían para acadar a subvención...

Pregunta o Sr. **Fernández González** sobre os cambios que se introduciron respecto do primeiro documento entregado.

Contéstase polos **membros da empresa** que foron “puntuais”, e aclárase pola **Presidencia** que se consideraron as aportacións dos grupos na medida en que fora posible, exemplifi-



cando que a proposta do PSdG-PSOE de incluír proxectos de aforro enerxético non puido recollerse por ser competencia da Xunta. A continuación, tanto a Presidencia como os representantes da empresa consultora explican os matices que se incluíron, concluíndo que se basearon no que puidera ser subvencionable, elixible, segundo a convocatoria da subvención. Precísase que igualmente se considerou o que se puido das aportacións das Asociacións de Veciños, segundo os **representantes da empresa** e a pregunta do Sr. **Loureiro**. Insístese polos referidos membros en que se trata dun tema de “equilibrio” na busca de coherencia, e moitas das actuacións previstas dependerán da subvención final.

Agradece a Presidencia as achegas efectuadas polos colectivos sociais.

Pregunta o Sr. **Fernández González** se non se incluíu a proposta do PSdG-PSOE do transporte urbano, contestándose polos membros da **empresa EOSA** que non, entendendo o Sr. **concelleiro** que non semella moi congruente cos fins perseguidos de diminución da pegada de CO2, busca de cidade sostible, etc. Explicase polos Srs. **asesores** que implicaría un gran investimento que deixaría as demais liñas sen financiamento, preguntando entón o Sr. **Fernández** que podería ir vía concesión, ao que os Srs. **asesores** responden que non sería subvencionable entón.

Continúase polos representantes da empresa coas súas explicacións respecto de mobilidade e transporte urbano.

Pregúntase polo Sr. **Rei Núñez** se o visto e prace ao proxecto se lle daría agora polo CES, ou se tal se foi outorgado na Comisión permanente que se celebrou a día de hoxe.

Contéstase pola **Presidencia** que o proxecto non precisa da aprobación do CES, pero que se trae como á propia Comisión Informativa co fin de obter o máximo respaldo.

Pregunta de novo o Sr. **Rei** cómo se efectuará a distribución final da subvención que se outorgue, na Xunta de Goberno Local, no Pleno?

Precisa a Sra. **da Silva** que os proxectos serán fiscalizados polo Ministerio para comprobar se son ou non elixibles.

Insístese polo Sr. **Fernández González** sobre o órgano en concreto do Concello que os aprobará.

Contéstase pola **Presidencia** que cada proxecto será aprobado pola Xunta de Goberno Local, como é norma e faise habitualmente; de tratarse dun contrato menor mediante decreto da Concellería delegada.

Non obstante, matízase polos **representantes da empresa**, existirá un grupo de seguimento ou de participación, aberto, co fin de fomentar a transparencia, se ben o interlocutor co Ministerio será o Concello.

**\*\*INCIDENCIAS.-** Neste momento, sendo as 19.57 h., incorpórase á sesión o Sr. Conde farto.

Chama a atención o Sr. **Rei** sobre o feito de que os grupos apoian un proxecto en xeral que de momento non decidiron, e pide que cando chegue a subvención se conte cos mesmos para a determinación en concreto dos proxectos. Incide en que as actuacións contempladas se concentran nos 4 anos e, especialmente, no propio das eleccións, pese a ser o prazo de 7 anos.

Contéstase pola **Presidencia** que a programación se efectuou para amosar que se cumprirá cos compromisos asumidos e non perder os fondos, engadindo que a convocatoria da subvención saíu neste momento.

Pregunta o Sr. **Rei** porqué non se inclúen referencias aos premios outorgados ao modelo de cidade e, respecto do proceso participativo, considera que foi un tanto “pobre”, só a partir

da sesión do CES do 25.11.2015 recóllense as reunións no documento.

Contéstase polos Srs. **asesores** que en comparación coas outras cidades é o máis participativo, producíndose neste momento un pequeno debate respecto do alcance desta participación.

Intervén o Sr. **Loureiro** para sinalar que foi certo que houbo unha reunión o 04.11.2015, mais foi unha xuntanza presencial, sen debate; cómo houbo reunións con algunhas asociacións mentres que con outras non...Avalan o documento para conseguir os cartos, expón, pero solicita que cando chegue a subvención se efectúe unha participación "de verdade". Critica que o documento xa estea presentado e que se lle entregue neste momento e sen a antelación suficiente.

Lembra a **Presidencia** que xa se escusou ao principio pola pouca antelación na remisión da documentación, e volve escusarse agora, pero hai que considerar as datas e os prazos limitados, apunta. Nas vindeiras ocasións intentarase facer con maior antelación e segundo se precisou. Así, en Maio, cando se coñezan as subvencións, levarase a cabo un proceso participativo cos diferentes grupos sociais, grupos da Corporación e mesmo co CES.

Chama a atención sobre a importancia do CES o Sr. **Fernández González**, e comparte a crítica respecto da escasa participación, que entende máis unha cuestión de "imaxe do grupo de goberno". En todo caso apoio para conseguir as axudas "non llo van negar". Pide á Presidencia que as decisións sexan consensuadas no momento en que haxan que tomarse, que conste un compromiso de que se traten non CES antes de que se aproben pola Xunta de Goberno Local.

Puntualiza a **Presidencia** que hai proxectos que xa están aprobados neste momento, se ben cando se coñeza a subvención se compromete a escoitar ao CES e aos colectivos respecto dos proxectos non aprobados.

Neste momento débátese entre os presentes sobre as posibilidades de acadar os fondos, partindo da competencia que existe con outros concellos, dos antecedentes do de Pontevedra noutras convocatorias...

A este respecto os **membros da empresa** piden que se leve a cabo unha estratexia de lobby.

Amosa a súa desconformidade o Sr. **Abal González** con esta petición cando o propio documento toma partido con determinados temas, como a crítica a ENCE, que se considera "unha debilidade" no mesmo, segundo expón.

Pregunta o Sr. concelleiro sobre o número de visitas que na web se tivo respecto do documento, contestándose polos Srs. **asesores** que se enviará dito dato.

Considera un erro o sr. **Fernández González** a falta de inclusión da actuación correspondente ao transporte urbano no proxecto, o que non significa que lle neguen o seu apoio.

Fai uso da palabra o Sr. **Millares Jorge**, quen escusa a non presentación de alegacións pola súa parte, se ben é debido a que o proxecto non ten dimensión social. Cuestiona, por outra banda, a consideración que ao grupo de goberno lle merece o CES.

Contesta a **Presidencia** que se ten a intención de reactivalo.

Pide o sr. **Millares** que se celebre un no primeiro trimestre do ano, segundo precisa o seu Regulamento.



Considera o Sr. **Abal** que o documento presentado é bastante “pobre”, e non amosa moita confianza na posta en marcha do CES. Engade que terán o apoio do seu grupo, pero recalca a súa desconformidade co proceso seguido e, de feito, non se cumpriu o comprometido no propio CES respecto do proxecto.

Por esta **Secretaría**, neste momento, sinálase que a adopción de acordos non propostos na orde do día só poderá adoptarse por urxencia, e estando presentes todos os membros do CES, segundo precisa a Lei de procedemento administrativo á que se remite o Regulamento do CES.

Finalmente e a proposta da **Presidencia**, o Consello Económico e Social amosa o seu apoio ao documento que se presentou.

**\*\*INCIDENCIAS.**- Rematado este punto, abandonan a sala os membros da empresa consultora.

## 2. Continuación da orde do día da sesión anteriormente celebrada:

- **Plan de emprego municipal. Análise de propostas sobre medidas para a reactivación do emprego. Proposta de dotación económica.**

Pola Presidencia dáse o uso da palabra ao Sr. **Fernández González**, quen alude ás actuacións posteriores ao documento presentado polo seu grupo no CES, xa que sometido ao parecer do Pleno se rexeitou polo voto de cualidade da Presidencia, se ben volveu presentarse outra proposta diferente, que entende se levará ao pleno de Xaneiro.

Explica o contido da actual proposta do seu grupo, precisando que o importe da dotación económica é de 500.000 €.

Expón cómo tamén se aprobou o Presuposto municipal, pese a ter presentado unha emenda ao mesmo neste sentido que non se aceptou.

Propón que se eleve a contía da dotación con outros 500.000 €.

Sinálase pola **Presidencia** que o presentado para o CES non é a última moción presentada ante o Pleno. Propón que polos diferentes membros se fagan achegas neste punto, e que se tratará na vindeira sesión do Consello, que terá lugar no primeiro trimestre de 2016.

Debátese profusamente entre os presentes sobre cómo tratar este asunto, e como articulalo coa avaliación sobre a situación socioeconómica do concello que ao CES lle corresponde efectuar no primeiro trimestre do ano, segundo o seu Regulamento.

Analizada a proposta da Presidencia, acórdase que, no primeiro trimestre do ano:

- Remitirse o informe da Universidade no momento en que se reciba.
- Darase un prazo para facer propostas polos membros do CES.
- Convocarase unha sesión para tratar, como dous puntos diferenciados:
  - A avaliación socioeconómica do concello.
  - Propostas en materia de emprego.

- **Realización do plan estratéxico Pontevedra 2018, centrado nun estudo socioeconómico para analizar a situación actual e as posibles liñas de actuación a desenvolver, con vistas ao traslado de ENCE e, polo tanto, á recuperación das marismas de Lourizán.**

Pola **Presidencia** dáse conta do escrito presentado polo sr. Millares, representante do sindicato CC.OO., no que insta a retirada deste punto da orde do día.

Por esta **Secretaría**, habilitada pola Presidencia, infórmase que ante o silencio a este respecto tanto do Regulamento do CES como da propia Lei 30/1992, se propón a aplicación analóxica do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello, entendendo que tal así mesmo, é a solución máis acorde cos principios de participación política e decisión democrática. Neste sentido, cabería retirar o punto da orde do día, en primeiro lugar, se o decide o propio autor da iniciativa ou, en segundo lugar, se o propio CES, por votación, acorda maioritariamente que quede sobre a mesa para unha sesión posterior co fin de incorporar informes ou para mellor estudo. En todo caso, o Sr. Millares habería explicar as razóns polas que solicita tal retirada, co fin de que o pleno do Consello poda pronunciarse.

Propón a **Presidencia** que dado que se refire no seu conxunto á análise da situación socioeconómica, propón que se deixe para unha sesión posterior.

Toma a palabra o Sr. **Fernández González** quen, en primeiro lugar apunta que a solicitude de retirada debería terse presentado no seu momento e, en segundo, que non entende “o medo” a estes temas e, especialmente, cando a día de hoxe existen recentes acontecementos que inciden no mesmo.

A continuación explica o contido da súa proposta, aclarando que o seu grupo defende que ENCE non conserve a súa actual localización, pero que o que agora se pide é o estudo que se recolle.

Xustifica o Sr. **Millares** a súa petición de retirada. Incide en que lle resulta chamativo que a primeira proposta que se traía ao CES sexa esta. Entende que non é oportuno o pronunciamento que se pide pola campaña que os traballadores afectados están a facer, e que o CES nunca fixo un pronunciamento similar, a excepción da permanencia dos traballadores da RTVG en Pontevedra. Menciona outros posibles asuntos que tamén afectarían á estratexia a seguir respecto á situación socioeconómica de Pontevedra, considera que por razóns de oportunidade este punto non debería tratarse e, finalmente, entende que se trata dunha decisión de carácter supramunicipal que excede das competencias municipais.

Matiza isto último a **Presidencia** entendendo que o Concello si ten xustificación para intervir partindo de que versa sobre a ordenación do territorio, que lle afecta.

Nega o Sr. **Abal** que exista medo a este tema, considera que o plan estratéxico hai tempo que debería existir, está a favor do mesmo e xa o tiña solicitado, pero non coa previsión do traslado de ENCE, o que equivalería ao seu peche, “ou segue ou pecha”, conclúe.

Amósase a favor da continuidade de ENCE o Sr. **Corujo**, se non se encontra outra alternativa. Precisa que a empresa non a buscou, pero tampouco a Administración. Alude ás familias dos afectados e engade que á vista de cómo se resolva este tema sería posible que ningunha empresa invertese aquí.

Toma a palabra o Sr. **Vidal**, quen entrega neste momento un documento aos presentes e que se incorpora ao propio expediente da sesión, e que resume ante o CES, incidindo nas consecuencias do eventual peche de ENCE. Amósase, en definitiva, partidario de manter a súa continuidade.

Propón o Sr. **Fernández González** que se o problema é a alusión ao tema de ENCE non ten inconveniente en suprimir tal da súa proposta, que o Plan estratéxico se faga, en xeral,



obviando o tema de ENCE.

Reitera as posicións favorables á permanencia de ENCE o Sr. Barros, pide que o Plan estratéxico se elabore a máis longo prazo e para a comarca de Pontevedra, como un punto diferenciado e que neste momento se retire o asunto que se presentou.

Así mesmo, solicita que se reconte a adhesión ao manifesto presentado pola súa parte na sesión anterior.

Apunta **Presidencia** que a proposta estaba presentada antes do anuncio da incoación do expediente de prórroga polo Estado. Por outra banda, sinala que o Plan estratéxico é de elaboración complexa e longa, e o de Vigo, exemplifica, durou 10 anos, e os “Plans territoriais integrados” da Xunta aínda están sen elaborar.

Entende que se poden ir presentado “liñas estratéxicas”, pero que a disposición dun plan deste tipo pode demorarse ata 10 anos, polo que insiste en de momento acordar so o anterior, as liñas estratéxicas.

Remata expoñendo cómo o pronunciamento do seu grupo respecto de ENCE sempre foi o mesmo.

Lembra o Sr. **Loureiro** o carácter de órgano consultivo e de mera proposta do CES.

A continuación débátese entre os presentes sobre o papel e relevancia do propio CES, sobre a elaboración dun plan ou dunhas liñas estratéxicas, etc.

Chama á obtención dunha solución consensuada o Sr. **Fernández González**.

Amosa a súa disposición ao consenso a Sra. **Gulías**, pero advirte que un plan estratéxico é unha cuestión seria e complexa, con custo económico, de discutible eficacia, e mesmo no Concello xa o hai nalgunhas áreas. Considera así mesmo que eliminar o tema de ENCE supón “pechar o debate en falso”, porque volvera xurdir, feito ou non o plan estratéxico.

Expón o Sr. **Núñez** que do mesmo modo que no asunto anterior se eliminou o tema de ENCE, ao mellor é preferible deixalo inconcreto no plan estratéxico, elaborando tal e tendo “algo do que partir” para mesmo poder opinar sobre el. Está de acordo coa súa elaboración, pero non é un tema sobre o que se poda decidir agora.

Entende a **Presidencia** que isto “é un pouco” o que sostivo ao principio, insistindo nas liñas estratéxicas como punto de partida.

Considera o Sr. **Abal** que o punto de partida é elaborar o Plan.

Continúase co debate nos termos expostos.

Apunta o Sr. **Pena Gestido** que tamén está de acordo coa elaboración do plan estratéxico, pero sabendo qué se quere co mesmo.

Suxire o sr. **Lourido** que se propoña a súa elaboración polo CES sen datas límite.

Manifesta o seu apoio á proposta final do Sr. Fernández González o Sr. **Millares**.

Continúase o debate ao respecto, propoñendo finalmente o Sr. **Fernández González** que o CES adopte o acordo nos seguintes termos:

*“Que o Concello impulse, xunto co resto das Administracións implicadas, un Plan Estraté-*

*xico para Pontevedra.”*

Dita proposta é aprobada polo asentimento dos presentes.

--- o ---

Á vista do anteriormente tratado propónse pola **Presidencia** que o escrito da Cámara se retire, xa que “evidentemente” non haberá unanimidade.

Súmase a esa petición o Sr. **Rei**.

Pola súa parte, o Sr. **Abal** manifesta o seu desexo de aprobar o que presentou o Sr. **Barros**.

Aclárase polo Sr. **Barros** que a súa intención coa entrega do manifesto non era que se tratara no CES, senón acadar a adhesión individual dos seus membros.

#### **4. Rogos e preguntas.**

Roga o sr. **Barros** que se leven a cabo máis reunións do CES e que a convocatoria se faga con maior antelación para poder examinar os asuntos.

Reitera as súas escusas anteriores a **Presidencia**.

Roga o Sr. **Millares** que, xa que se trata da segunda reunión á que non asiste a Alcaldía, se aclare quén asumirá a “Presidencia real” do CES.

Contéstase pola **Presidencia** da sesión que “segundo se poda”.

E sen máis asuntos que tratar, de conformidade co acordado polos presentes, pola Presidencia dáse por levantada a sesión, sendo as 22:11 h. do día indicado.

Pontevedra, 18.03.16  
O SECRETARIO

Vº e PRACE, A PRESIDENTA

José Luís Mato Rodríguez.

María Carme da Silva Méndez.